

A Anpa somos todas e todos

Case nun pestanexar, o calendario escolar alcanzou a última páxina do curso e miramos xa cara ao seguinte, coa sensación de que non deu tempo a assimilar o presente. Quedaron atrás meses de traballo, de imprevistos e tamén de rutinas que tentamos afrontar coa mellor intención: sumar para que a nosa comunidade educativa, o noso centro, siga facendo fronte ao día a día nas mellores condicións. Esta é a filosofía que sinala a dirección do traballo dende a Anpa, conscientes de que somos un dos centros públicos máis grandes da cidade. Un centro singular, no que as nais e pais optamos por un modelo de funcionamento baseado na autoxestión, xestionamos con recursos propios o comedor, as actividades extraescolares, o programa madrugadores e cooperamos na atención ás necesidades do centro. Loxicamente sempre hai marxe para a mellora, e por iso dende a directiva da asociación estamos sempre dispoñibles a recibir os vosos comentarios e propostas, ideas que axudarán a reafirmar a nosa intención de contribuír a un ensino público e de calidade.

Cando unha engrenaxe funciona sen dificultades, ou cando menos sen grandes impedimentos, solemos obviar a súa complexidade, en boa medida porque ao estar perfectamente cuberta a súa función nada nos chama a atención. De feito, o normal é darnos conta de canto podemos botar de menos a lavadora cando o técnico tarda dous días en vir a arranxala. A Anpa é igualmente un bo exemplo dun sistema complexo, composto por algo máis de 700 socias e socios, cun orzamento anual de arredor de medio millóns de euros. Probablemente pase desapercibido, pero a Anpa é de todas e todos.

Coa contribución económica que cada quen fai: xeramos emprego, porque para que a Anpa poida desenvolver a súa actividade conta con 21 traballadoras e traballadores, a maioría fixos/as; xestionamos un comedor no que a diario comen arredor de 350 persoas todos os días, si, un restaurante sen estrelas Michelin e co volume de “clientes” dunha franquicia de comida famosa; e desenvolvemos actividades extraescolares de deportes variados, actividades culturais ou idiomas, entre outras posibilidades. E cando o centro ten necesidades infraestruturais, buscamos no peto para contribuír na medida das posibilidades a necesidades que fagan digno o espazo que ocupan as nosas fillas e fillos, dende pintar, ata instalar ventiladores, arranxar o patio ou contribuír ás excursións de fin de ciclo e patrocinar os premios de Nadal e de ciencias.

Esta é a nosa forma de axudar a facer ensino público e de calidade, con recursos materiais pero tamén coa vontade, co compromiso de seguir sumando para que o edificio que acolle ás nosas nenas e nenos teña unha alma propia, un sinal de identidade, sexa recoñecible polo nosos esforzo a prol de darlle aos máis pequenos e pequenas experiencias e oportunidades que enriquezan o seu desenvolvemento e a súa conformación como persoas. E nese proxecto, nese ideario, cada unha e cada un dos que formamos parte da Anpa temos un cacho de mérito e de responsabilidade, para que siga sendo así, a ser posible, cada día un pouco mellor e, se pode ser, un pouco máis alá de onde nos atopamos agora, con novos proxectos, retos e desafíos.

Pero máis alá das cifras, das cantidades e do cuantificable, a Anpa son as socias e socios camiñando nunha mesma dirección, con voz para decidir sobre as cuestións cotiás e transcendentais, dende a empresa do *catering* ata o adianto das cantidades das bolsas do comedor do concello aos seus beneficiarios cando se producen dilacións no cobro por parte da administración competente, ou mesmo sobre a gratuidade dos custes de determinados servizos naqueles casos de especial significación. Dende a directiva quixéramos agradecer a confianza que depositades neste pequeno equipo do que sempre tedes abertas as portas para opinar, elixir, decidir,....

Por todo, cando deixedes á vosa filla ou fillo na porta ás cuidadoras e cuidadores do Madrugadores, non esquezades que nese momento actívase unha complexa engrenaxe, da que cada nai e pai é peza insubstituíble, porque sen vós non é posible o seu funcionamento. Grazas.